



BANDO

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA INFORMA QUE:

A Presidencia da Xunta de Galicia publicou unha serie de medidas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, que se aplicarán dende as 00:00 horas do día 26 de febreiro de 2021 e que son as seguintes:

-Reunións máximo 4 persoas, conviventes ou non conviventes.

-Hostalería: Interior: 30% da súa capacidade. Exterior 50% da súa capacidade. Catro persoas por mesa ou agrupación de mesas. Non consumir en barra. **Peche: 18:00 horas.** Permitido entrega a domicilio ata as 00.00 horas ou recollida ata as 21.30 horas.

Os establecementos do sector hostaleiro deberán manter accesible ao público e á autoridade sanitaria a súa capacidade máxima interior e exterior, mediante un cartel nun lugar visible no que conste para o interior e o exterior os seguintes datos: a) Capacidade máxima permitida en condicións normais. b) Porcentaxe máxima de uso establecida pola autoridade sanitaria. c) Capacidade máxima permitida en función da porcentaxe máxima. A persoa titular do establecemento disporá dun código QR que estará a disposición dos usuarios para poder rexistrar a súa presenza, a efectos de posibles rastrexos en caso de haber positivos. A obriga de obter un código QR e dispor de cartel informativo será obrigatorio a partir das 00.00 do día 5 de marzo de 2021.

-Bibliotecas e equipamentos culturais: Límite 30% da súa capacidade. Actividades grupais: máximo 4 persoas + monitor.

-Locais ou establecementos comerciais: Límite 50% da súa capacidade. **Deberán prestar un servizo de atención preferente ás persoas maiores de 75 anos e indicalo en lugar visible.**

-Uso de espazos públicos: Límite 30% da súa ocupación. Actividades grupais: máximo de 4 persoas+monitor.

-Actividades e instalacións deportivas: Actividade física e deportiva non federada ao aire libre máximo catro persoas +monitor.

-Instalacións e centros deportivos: Máximo catro persoas, sexan ou non conviventes + monitor. Sen contacto físico. Límite 30% da súa ocupación. Garantir seguridade interpersonal e ventilación. Vestiarios e zonas de ducha: ocupación 30% da súa ocupación.

-Celebración de eventos deportivos, competicións con público, actividades en auditorios: Límite: 30% da súa ocupación. Poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e sempre que se garantice 1,5 metros de distancia mínima de seguridade nas catro direccións. Máximo:250 persoas para lugares pechados e de 500 persoas actividades ao aire libre. Garantir a ventilación e libro rexistro de asistentes.

-Lugares de culto: Aforo de 1/3 e distancia de 1,5 metros. Prohibidos na vía pública. Velatorios: Todo tipo de instalacións cun límite máximo de 5 persoas por túmulo, agás conviventes, e 15 no exterior. Na comitiva: máximo 15 persoas + párroco. Prohibidas actuacións de coro ou agrupacións vocais. Prohibida auga bieita. Ablucións rituais na casa.

-Ceremonias nupciais e outras ceremonias relixiosas ou civís: Límite de capacidade do lugar onde se desenvolvan.

-Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado: Límite 50% da súa capacidade.

-Hotéis, aloxamentos turísticos e albergues:Límite 50% da súa capacidade.

-Centros de lecer Infantil: 50% da ocupación.

-Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre: Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre, poderán estar abertos ao público, respectando a capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo.

-Actividade cinexética e pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa: Está permitida respectando as limitacións grupais.

-Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais: Límite 30% da súa capacidade. Límite 30 persoas lugares pechados e 75 en actividades ao aire libre.

-Centros, servizos e establecementos sanitarios: 1 acompañante por usuario/a no caso de menores, maiores dependentes ou mulleres xestantes.

-Enseño universitario presencial: 01/03/2021.

-Peche ao público de albergues turísticos, centros de interpretación, aulas de natureza, puntos de información da rede galega, centros sociais, sociocomunitarios, clubs xubilados, agás centros de día e maiores, ocupacionais e casa do maior.

-Reanúdase a feira municipal o próximo 6 de marzo de 2021.

-Reapertura do ximnasio municipal o próximo 1 de marzo de 2021.

-Toque de queda entre as 22.00 e ás 6.00 horas, agás causas xustificadas.

Santa Comba, 25 de febreiro de 2021

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García